FEDERACION
DE AUTONOMOS
DE GALICIA

MEMORIA DA FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

A Federación de Autónomos de Galicia (FEAGA) constitúese no ano 1993, co obxectivo de protexer os dereitos das traballadoras e traballadores autónomos, así como desenvolver, potenciar e concienciar coa súa presenza dentro do colectivo social, unha maior equiparación cos seus homólogos europeos.

FEAGA é unha organización sen ánimo de lucro, formada por Asociacións de Traballadores, Pequenas e Medianas Empresas e Comerciantes. Presta servizos aos asociados en materia de asesoramento, formación, soporte á creación de empresas, etc. Realiza xornadas informativas, congresos, seminarios, organiza unha feira anual multisectorial e edita varios números ao ano da súa revista "L@s Autónom@s".

A Federación de Autónomos de Galicia está integrada en CAYPE (Confederación de Autónomos e Profesionais de España), da cal é membro fundador e participa directamente en proxectos estatais, así como en mesas de debate e negociación estables. De feito, no mes pasado de maio a xunta directiva de CAYPE acudiu á aprobación da Lei do Estatuto do Traballo Autónomo, como unha das sete organizacións homologadas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

A Federación atópase nunha fase de negociación na posible incorporación na UEAPME (Unión Europea do Artesanado e Pequena e Mediana Empresa), coa que xa colaborou na realización da Conferencia Basell por SMEs: "O futuro do acceso á información por parte das Pemes".

Ao igual que fixeron outras organizacións, a Federación de Autónomos de Galicia solicitou a nivel Autonómico e CAYPE a nivel do Estado, a incorporación ao Consello Económico e Social, con voz e voto.

En Galicia, FEAGA é membro do Observatorio Galego dos empresarios individuais, profesionais e traballadores autónomos (OBGA) con tres membros no Pleno e representantes nos cinco Grupos de Traballo constituídos no seu seo.

A Federación de Autónomos de Galicia ten catro árbitros activos nas Xuntas arbitrais de Consumo, dentro do Instituto Galego de Consumo, e

participou no ano 2008 na decisión de máis de 250 reclamacións de Consumo.

FEAGA está integrada por máis de 50 asociacións sectoriais e comarcais, que representan no seu conxunto a máis de 17.000 autónomos de toda Galicia.

Organizacións propias:

Asociación de Comerciantes e Autónomos de Galicia
Asociación de Comerciantes e Autónomos de A Coruña
Asociación de Comerciantes e Autónomos de Lugo
Asociación de Comerciantes e Autónomos de Ferrol
Asociación de Comerciantes e Autónomos de Mugardos y Comarca
Asociación de Comerciantes e Autónomos de Pontevedra
Asociación de Autónomos de Ourense
Asociación de Mulleres Profesionais e autónomas de Galicia- AMPAGA

Organizacións Integradas:

Asociación de Comerciantes e Autónomos Eumeses
Área Comercial Zona Monumental de Pontevedra.
Centro Comercial Urban Torre de Hércules.
Centro Comercial Urban Rúa Barcelona
Asociación de Empresarios "El Agra Comercial".
Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra.
Área Comercial Oza.
Federación de Areas Comerciales de La Coruña.
Asociación de Comerciantes, Industriales y Autónomos de Viveiro.
Asociación Gallega de Empresa y Dirección.
Asociación Provincial de Palilleiras de A Coruña.
Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña.
Asociación de Profesionales e Empresarios "Ría De Muros".

Asociación Provincial de Empresarios de Peluquería y Estética de Lugo.
Asociación Provincial de Empresarios de Autónomos de Ourense
Asociación de Empresarios de Peluquerías de La Coruña
Federación Nacional de Asociaciones de Receptores de Loterías y Apuestas del Estado
Fundación Comarca de Ordes
Asociación de Empresarios Iniciativa Empresarial del Noroeste
Asociación de Comerciantes Concello de Malpica
Asociación Euroforo Empresarial
Organización de Artesanos de España

Organizaciones Asociadas

Asociación de Autotaxis de A Coruña
Asociación Empresarial de Valedorras (AEVA)
Asociación de Comerciantes de Ferrol (ACOF)
Asociación de Empresarios de la Comarca de Melide (ASETEM)
Asociación de Autónomos de Carral
Asociación de Empresarios da Comarca de Arzua (AECA)
Colegio de Agentes Comerciales de A Coruña
Federación Nacional de Asociaciones de Receptores de Loterías y Apuestas del Estado
Asociación Provincial de Fornerios e Artesans de Bergondo (APROFAR)
Agrupación Única de Vendedores Ambulantes Autónomos de la provincia de A Coruña
Federación Gallega de Empresarios del Mueble
Asociación Profesionales de Vendedores de Prensa, Revistas y Publicaciones da Provincia de A Coruña
Federación Gallega de Gimnasios
Federación Gallega de Centros de Enseñanza
Asociación Galega de Artesans
Asociación Profesional Independientes de Receptores de Apuestas L.A.E. de A Coruña
Asociación Provincial de Industriales Electricistas de A Coruña (ASINEC)
Asociación de Comerciantes e Empresarios da Rua de Petin
Asociación de Comerciantes de Ferrol y Comarca
Asociación de Comerciantes de Lugo
Asociación de Comerciantes e Empresarios de Maceda (Ourense)
Asociación de Empresarios de Mos (Pontevedra)
Asociación de Comerciantes, Industriales, Servicios y Autónomos de Ribadeo
Asociación boirense de empresarios (ABE)
Asociación de empresarios de Sada e As Mariñas
Asociación Galega de Apicultores
Asociación de Comerciantes de Ponteareas
Centro Comercial Aberto de Monforte de Lemos
Asociación de Comerciantes Estrela de Marín
Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, CCA ACEBE

A Federación de Autónomos de Galicia continuou durante o ano 2008 co seu plan de expansión, modernización e consolidación, co fin de achegarse aínda máis aos autónomos, alí onde se atopen, vertebrar a sociedade, aumentar o seu persoal para ter presenza en toda a xeografía galega. Así, dispón ata o momento de 4 oficinas propias con persoal Técnico e Directivo para dar servizo a todos os asociados e ao público en xeral.

INFRAESTRUCTURA:

FEAGA dispón de cinco centros en: A Coruña, Lugo, Vigo, Ferrol e Ourense. Desde Febreiro de 2002 a Federación de Autónomos de Galicia ocupa novas oficinas na rúa Sinforiano López, 55 baixo da Coruña, dotadas dun maior espazo e que conta coas máis avanzadas tecnoloxías.

Un dos principais obxectivos da Federación de Autónomos de Galicia desde os seus inicios foi manter informado puntualmente aos seus asociados e aos autónomos en xeral. Xa que logo, durante o 2008 levou a cabo unha renovación da súa páxina web **www.feaga.org** , no que se refere ao deseño e contidos, que conta cunha ligazón a www.autonomos-online.com, co fin de converterse unha ferramenta importante para o autónomo.

A Federación de Autónomos considera necesario adaptarse aos cambios e apostar polas Novas Tecnoloxías da Información xa que está a realizar un esforzo para que os autónomos dispoñan das ferramentas de xestión máis avanzadas aos mellores custos.

RECURSOS HUMANOS:

Equipo técnico que compón a Federación de Autónomos de Galicia:

PERSONAL PROPIO	**2008**
Dirección e Administración	2
Departamento de Formación e Emprego	1
Gabinete de Prensa	1
Gabinete Xurídico e Técnico	2
Persoal Administrativo	4
TOTAL	**10**

SERVIZOS:

Gabinete Xurídico e Técnico:

En todas as nosas oficinas, persoalmente, por teléfono ou utilizando as Novas Tecnoloxías, os nosos asesores atenderon máis de 6.500 consultas de tipo Xurídico e Técnico, ademais de tramitar axudas e subvencións, elaborar recursos, xestionar micro créditos, etc...

Cabe destacar que desde a entrada en vigor da Lei do Estatuto do Traballo Autónomo, as consultas aumentaron considerabelmente con respecto ao ano anterior. Tamén se contabilizaron moitas consultas con respecto aos dereitos dos autónomos economicamente dependentes, xubilacións, baixas por incapacidade, etc...

Departamento de Estudos e Publicacións

No 2008 a Federación de Autónomos de Galicia editou 4 números da revista "@s Autónom@s" cunha tirada de 15.000 exemplares cada unha, distribuídas por toda Galicia e España.

Por outra beira, elaboramos un estudo sobre "Muller e asociacionismo" que analiza a situación da muller autónoma en Galicia, e que permitiu coñecer o grao de participación da mesma no movemento asociativo empresarial e determinar se esta participación promove unha maior taxa de ocupación. Cos resultados desta análise FEAGA poderá formular propostas de mellora positivas contrastando resultados derivados do traballo de campo e da consulta de fontes documentais especializadas.

Axencia de Emprego

A Federación de Autónomos de Galicia instaura na cidade de Ferrol a súa propia Axencia de Emprego, a cuxo fronte está unha Técnico de Emprego, que desde xaneiro de 2004 realiza as súas funcións na comarca de Ferrolterra como elemento dinamizador e xerador de novas actividades, mediante a prospección de recursos ociosos e de proxectos empresariais de promoción económica: a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividades entre desempregados, promotores, emprendedores e institucións colaboradoras; o acompañamento no inicio de proxectos empresariais, asesorando sobre unha posible viabilidade técnica, económica e financeira; e o soporte aos promotores nas primeiras etapas da empresa.

Servizo Galego de Colocación:

A nosa Asociación ten a condición de Centro Colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, outorgada pola Consellería de Traballo, facilitando a contratación de desempregados por parte daqueles Autónomos, Empresas que desexen contratar empregados.

Ademais dispoñemos dun orientador laboral que mantén entrevistas personalizadas cos demandantes de emprego.

Por último, a través da nosa axencia de emprego préstamos un importantísimo servizo de apoio e asesoramento a emprendedores.

FEIRAS E EVENTOS

Desde fai xa quince anos, a Federación de Autónomos de Galicia vén celebrando a tradicional Feira de Mostras dous Autónomos de Galicia (FEMAGA)

FEMAGA
FEIRA DOS AUTÓNOMOS DE GALICIA

Do 4 ao 8 de decembro do pasado ano celebrouse, coa imprescindible colaboración da Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio, a XV Feira dos Autónomos, FEMAGA 2008, que superou as expectativas da organización ao recibir perto de 60.000 persoas no recinto feiral ExpoCoruña

Nesta edición, a Feira dos Autónomos aumentou considerabelmente o espazo de exposición, ao pasar dos 300m2 dispoñibles no Coliseo (onde celebrouse ata o ano pasado devandita feira) aos máis de 15.000m2 que se utilizaron no novo recinto feiral. Así mesmo, pasouse dos 90 stands aos 365 e das 65 ás 180 empresas.

O equipo técnico e comercial de FEAGA xa se atopa traballando na próxima edición da Feira de Mostras dos Autónomos de Galicia. FEMAGA 2009, que terá lugar en ExpoCoruña en decembro de 2009.

Outro evento a destacar do 2007 é o I Congreso de Hostalería, Comercio e Autónomos, celebrado en Vigo o 25 e 26 de outubro, promovido por FEAGA e organizado pola Asociación de Autónomos de Pontevedra.

Como é habitual, a Federación de Autónomos de Galicia tamén estivo presente noutras feiras, como Vigo Feria, FIMO (Ferrol), Franquiatlántico (tamén en Vigo) ou a Multisectorial de Vimianzo.

Durante o 2008 FEAGA tamén fixo unha labor divulgativa do Estatuto do Traballo Autónomo, en colaboración coa Dirección Xeral de Promoción de Emprego, mediante xornadas informativas, que tivo como punto de partida a Xornada de Celebración do Estatuto do Traballo Autónomo, no mes de xuño do 2007, que coincidiu co 20 aniversario da Asociación de Autónomos de Galicia. Este acto, que se celebrou no Teatro Colón da Coruña contou coa asistencia de 725 persoas.

Ademais de todos estes eventos, a Federación de Autónomos de Galicia continuou cunha serie de Relacións Institucionais, a través da asistencia a numerosos actos, Xornadas, Congresos e Seminarios desenvolvidos por outras organizacións, participando como relatores ou simplemente como asistentes.

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Así mesmo a directiva de FEAGA mantivo numerosas entrevistas e reunións con autoridades, institucións e outras entidades asociativas e empresariais, buscando puntos de encontro e fórmulas de colaboración de interese para os nosos asociados.

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Froito destes encontros van xurdindo unha serie de convenios de colaboración con entidades de diferentes ámbitos, que nos permiten ofrecer aos nosos asociados unha serie de servizos financeiros, sanitarios e tecnolóxicos cunhas condicións moi vantaxosas.

Actualmente en FEAGA mantéñense convenios con Sanitas, Telefónica, Fundación Ronsel, Banco de Galicia, R Cable, ING-Nationale Nederlanden, Caixa Geral, Banco Sabadell, Banco Galego, Unirasa, Grupo Femxa, Agestic, Caixa Galicia, Euroquality, Caixa Galicia, Fundación Fuertes, Fundación Fedys y Afammer.



FORMACIÓN

Polo que se refire á área de Formación, FEAGA levou a cabo durante o 2008 unha serie de Cursos e Xornadas co fin de fomentar a formación e o apoio aos seus asociados e aos traballadores por conta propia.

Entre eles, salientan as accións formativas de Implantación das TICS nas pemes Galegas, impartidos en toda a xeografía galega, nos centros das organizacións de empresarios asociados.

Outra das xornadas levadas a cabo no ano 2007 foi a adicada a promover a igualdade e a mellorar a empregabilidade da muller, baixo a denominación Igual.e

Igualmente cabe destacar as Xornadas Técnicas sobre Comercio e Novas Tecnoloxías en Ferrol, Vigo, Lugo e A Coruña, co fin de ofrecer unha visión útil, global e práctica sobre as novas tecnoloxías no sector do comercio polo miúdo desde un punto de vista xurídico e práctico.

Por outra parte, desenvolvéronse dúas xornadas de Difusión "Emégate", onde presentáronse aos asistentes diferentes experiencias prácticas de actividades de emprendemento relacionadas coa igualdade de oportunidades.

Outras xornadas a destacar son as de "Economía Social, Muller e Asociacionismo" celebradas na Coruña e Ferrol e outra de "Promoción do asociacionismo"

Feaga tamén desenvolveu durante este ano un Programa para a mellora da empregabilidade do colectivo inmigrante e emigrante retornado na comarca de Ferrolterra.

Outros dos cursos levados a cabo durante o ano 2007 e 2008, son os de Prevención de Riscos Laborais, cun total de 60 alumnos formados.

Entre as entidades colaboradoras que financiaron estes cursos, cabe mencionar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, o Servizo Galego de Igualdade (SGI), a Secretaría Xeral de Emigración, a Dirección Xeral de Relacions Laborais, o IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, ou a Obra Social Caixa Galicia

Polo que respecta aos cursos do Contrato Programa que contaron coa subvención concedida pola Consellería de Traballo, Feaga desenvolveu durante o 2007 os cursos de Inglés Xeral Básico e Ecdl Módulos 1-7 Sillabus 4, que foron impartidos polo Grupo Femxa.

Tamén co Grupo Femxa, a Federación de Autónomos de Galicia executou unha serie de accións formativas en diferentes modalidades, como o plan de formación F2007-1334.

Ademais, a través de CAYPE (Confederación de Autónomos e Profesionais de España), FEAGA tamén desenvolveu os cursos do Contrato Programa concedidos polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, que constitúen un proxecto de formación específico para os autónomos cubrindo así as necesidades educativas destes traballadores.

Nestes cursos, que foron gratuítos, combináronse as modalidades de formación presencial, a distancia, e on-line, como estratexia para facilitar o acceso dos autónomos ás novas tecnoloxías.

Entre estes cursos, salientan os levados a cabo na área da Empresa (Orientación Estratéxica da Empresa, Xestión de Recursos Humanos, Prevención de Riscos Laborais, Control de Calidade, Atención ao cliente e Técnicas de Venda, Analista Contable e financeiro) na área de Novas Tecnoloxías (Ofimática XP, Photoshop, Powerpoint XP e Introdución á Informática) e na área do Comercio (Escaparatismo e Decoración)

Grazas ao desenvolvemento destes plans de formación, FEAGA non só está logrando ofrecer un apoio importante a todos os traballadores e traballadoras do sector, senón que está realizando, a maiores dos seus servizos habituais, un labor de consolidación e extensión dunha cultura de formación en toda Galicia.

FEAGA COA PRENSA

Desde o Departamento de Comunicación de FEAGA estamos en contacto directo coa prensa local e rexional, aos que informamos puntualmente das novedades e acciones que leva a cabo a Federación.

SOCIAL CAIXAGALICIA

SER